

COMO PARTICIPAR ?

Como podes participar?

Se queres participar activamente, podes sumarte como actor ou actriz ás distintas accións teatrais ou mesmo colaborar na propia organización e preparación da Festa do Banquete. Escolle cal che presta máis. Para calquera desas opcións contacta co Centro Sociocultural de Conxo, no correo csonxo@santiagodecompostela.gal ou ben no teléfono 981528740.

Podes colaborar como persoa voluntaria na Festa do Banquete. Estase a estruturar unha rede de persoas voluntarias para mellor organizar a Festa do Banquete. Se queres ser persoa voluntaria na festa contacta xa no voluntariadobanqueteconxo@gmail.com

O domingo 14 de maio haberá un Serán da Fraternidade aberto á música e ao baile tradicional. Acude co teu grupo de música ou baile.

Ademais, podes vir vestido de época á Festa do Banquete. Nós axudámosche na confección da túa indumentaria. Se queres lucir un traxe tradicional, contamos co asesoramento e apoio da Asociación do Traxe Galego. Se prefires vir con outras vestimentas propias do século XIX (estudante, artesán/ana, obreiro/-a, fidalgo/a, crego...), impartiremos obradoiros de deseño de vestiario.

Centro Sociocultural de Conxo

Sesión Informativa Obradoiro de traxe tradicional: venres 14 ás 17.30h

Obradoiro de deseño de vestiario de época: venres 14 ás 18.30h

Centro Sociocultural de Santa Marta

Obradoiro de vestiario xoves de 16 a 18h

Centro Sociocultural do Ensanche

Sesión Informativa vestimenta de época venres 14 ás 20.15h

Centro Sociocultural de Villestro

Mércores 12 de abril ás 18.30h. Sesión informativa Obradoiro de traxe tradicional

Mércores 12 de abril ás 19.30h. Sesión informativa Obradoiro de vestimenta de época.

Centro Sociocultural de Sar

Sesión informativa Obradoiro de vestimenta de época Mércores 12 de abril ás 18.30h

Centro Sociocultural das Fontiñas

Sesión informativa Obradoiro de vestimenta de época Xoves 13 de abril ás 20h.

Centro Sociocultural de Laraño

Obradoiro de vestimenta de época. Comezo sábado 15 de abril ás 17h

Poderanse concretar outras sesións informativas para aquelas entidades (veciñais, culturais, etc ...) que o soliciten previamente

12 13 e 14 MAIO 2023



CONXO

FESTA DO BANQUETE